

Regulamento do Practicum do Grao en Traballo Social

(Aprobado pola Xunta de Centro da EUTS o 30 de outubro de 2025)

O presente Regulamento redáctase ao abeiro de:

- Real Decreto 1791/2010, do 30 de decembro, polo que se aproba o Estatuto do Estudiante Universitario (BOE nº 318, do 31 de decembro de 2010).
- Real Decreto 592/2014, do 11 de xullo, polo que se regulan as prácticas académicas externas dos estudantes universitarios (BOE nº 184, do 30 de xullo de 2014)
- Regulamento de prácticas académicas externas da USC (Aprobado polo Consello de Goberno do 29 de xullo de 2015).
- Regulamento para a xestión de Convenios e protocolos xerais de actuación, na Universidade de Santiago de Compostela (Aprobado polo Consello de Goberno do 30 de abril de 2021, e publicado no DOG nº 100, do 31 de maio do 2021).
- Real Decreto 822/2021, de 28 de setembro de 2021, polo que se establece a organización das ensinanzas universitarias e do procedemento de aseguramento de súa calidade (BOE nº 233, 29 de setembro de 2021).
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, e Lei 40/2025, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público (BOE nº 236, do 2 de outubro de 2015) (En particular en materia de prazos e impugnacións).
- Disposición adicional quincuaxésima segunda do texto refundido da Lei Xeral da Seguridade Social, aprobada polo Real Decreto Legislativo 8/2015 do 30 de outubro (BOE nº 261, do 31 de outubro de 2015).
- Real Decreto-Lei 2/2023, de 16 de marzo que incorpora a disposición quincuaxésima segunda no texto refundido de Lei de Seguridade Social. (BOE nº 65 do 17 de marzo de 2023).
- Memoria do Título de Grao en Traballo Social.
- Sistema de Garantía Interna de Calidade.

Artigo 1. Obxecto e ámbito de aplicación.

1. O presente Regulamento é aplicable á realización de prácticas académicas externas (en diante, as prácticas ou Practicum), dos estudantes universitarios da titulación de Grao en Traballo Social da Escola Universitaria de Traballo Social (en diante EUTS).
2. As prácticas académicas da titulación de Grao en Traballo Social son prácticas curriculares, que están integradas no plano de estudos e están recoñecidas como créditos obrigatorios que computan para a obtención do título, e constitúen o contido da materia Practicum.
3. A realización das prácticas contéplase no 4º curso do grao. Consta de 22 créditos ECTS, que equivalen a 550 horas, das que 450 asígnanse ás prácticas en institucións externas que equivalen a 18 ECTS, o resto das horas están asignadas ás tarefas de documentación e exercicios de sistematización da práctica, que se recollen na Memoria final de prácticas a realizar polo estudantado.
4. As prácticas realízanse en entidades colaboradoras. Institucións e entidades públicas, privadas, ou do terceiro sector coas que se teña subscrito convenio a tal efecto.
5. As prácticas serán convocadas polo centro e, en calquera caso, deben realizarse antes de facer o depósito do título. Un período de prácticas só se poderá recoñecer para unha titulación.
6. As prácticas estarán orientadas a completar a formación do estudantado universitarios así como a facilitar o seu acceso ao mundo profesional, baixo os principios de garantía da

calidade, o recoñecemento académico e o aproveitamento máis axeitado da experiencia práctica.

Artigo 2. Oferta das prácticas.

1. Previo a realizar a oferta de prazas do Practicum o/a Coordinador/a do mesmo manterá reunións co estudantado coa finalidade de informar sobre os requisitos e sobre o procedemento de xestión das mesmas, para orientarlles na elección das prazas, e coñecer as preferencias manifestadas polo estudantado.
2. A actualización, aprobación, e publicación da oferta de prácticas curriculares para o Grao de Traballo Social corresponde ao centro, de conformidade cos convenios asinados pola vicerreitoría con competencias na materia, á dirección do centro e as entidades colaboradoras. Antes de incluír por primeira vez unha oferta de prácticas, deberá enviarse a proposta do convenio á vicerreitoría con competencias na materia. Só se poderán incluír ofertas de prácticas na convocatoria unha vez asinados os convenios que as amparan.
3. O /A Coordinador/a fará pública a oferta de prazas do Practicum, vía páxina web do centro e nos taboleiros de anuncios, previa a convocatoria da matrícula do Practicum. A oferta de prácticas externas deberá conter os seguintes datos:
 - ✓ A relación de empresas, entidades, unidades ou dispositivos na que se realizarán as prácticas e a localidade.
 - ✓ O número de prazas por empresa ou entidade.
 - ✓ As datas de comezo e fin das prácticas así como a súa duración en horas, o número de horas diarias de dedicación, e o número e tipo de créditos que poden recoñecerse.
 - ✓ Os requisitos e criterios para a selección do estudantado e o órgano de selección.
 - ✓ O órgano e persoa responsable do centro.
 - ✓ O lugar e o prazo de presentación das solicitudes, que en ningún caso poderá ser inferior a sete días hábiles, así como a documentación necesaria e lugar de presentación.
 - ✓ Data aproximada da publicación da listaxe provisional da asignación de prazas.
 - ✓ O prazo de matrícula.
4. Unha vez realizada a oferta de prazas, o estudantado ten que facer a solicitude de centro de prácticas segundo o modelo establecido polo centro, sempre e cando poida cumprir os requisitos esixidos para a realización do Practicum no cuadrimestre que corresponda.
5. Realizarase, como mínimo, unha convocatoria de prácticas en cada curso académico. A realización efectiva das prácticas convocadas poderá exceder o período ordinario para casos excepcionais debidamente xustificadas coa aprobación da Comisión de Título.

Artigo 3. Xestión de prácticas.

1. Para matricularse no Practicum é requisito indispensable ter superados 150 créditos básicos e obrigatorios, entre eles todos os da primeira metade da titulación.
2. Establecerase un/ha coordinador/a de prácticas, nomeado/a polo/a director/a do centro. A misión do/a coordinador/a de prácticas será a de incentivar a participación de entidades, empresas e estudantes no programa de prácticas, coordinar todo o proceso, participar na designación e asignación de titores/as e coordinar o seguimento e avaliación das prácticas.
3. O sistema de adxudicación de prácticas garantirá os principios de igualdade, mérito e capacidade do/a estudante. Non obstante, no proceso de xestión de prácticas terase en conta as preferencias manifestadas polo estudantado.
4. A asignación das prazas do Practicum correspóndelle a Comisión de Título.

Artigo 4. Selección dos/as estudantes

1. A Comisión de Título efectuará a selección dos/as estudantes conforme aos criterios establecidos, que deberán ser taxados e nos que se terá en conta o rendemento académico.
2. A selección e adxudicación de prazas efectuarase en virtude da puntuación obtida pola suma dos seguintes criterios:
 - ✓ Nota media simple do expediente académico.
 - ✓ Lugar de residencia do/a estudante ou situación asimilada a estimar pola Comisión de Título.
 - ✓ Nota obtida na materia optativa vinculada ao campo de prácticas solicitado, sempre e cando proceda.
3. Así mesmo, outorgarase prioridade na elección e adxudicación de prácticas ao estudantado con discapacidade, co obxecto de que poidan optar a entidades ou servizos, que teñan unha adaptación de medios para a realización das prácticas.
4. Por causas de forza maior alleas á vontade das partes, a asignación de praza de prácticas pode ser obxecto de modificación.
5. Realizada a selección, a Comisión de Título publicará a listaxe provisional coa asignación das prazas do Practicum facendo constar:
 - ✓ Os trámites necesarios para a realización efectiva das prácticas cando proceda.
 - ✓ A institución, empresa, unidade, servizo ou programa.
 - ✓ O titor/a académico/a para cada estudante.
 - ✓ O período temporal de realización das prácticas.
 - ✓ A puntuación obtida polo estudante
 - ✓ O prazo de renuncia e para interpoñer reclamación contra a asignación provisoria. O devandito prazo non será inferior a tres días hábiles nin superior a dez.
 - ✓ O prazo de resolución das reclamacións ante a Comisión de Título, e de subsanación de erros cando concorran desacordos coa praza asignada en base á suma das puntuacións establecidas para cada criterio, que non será inferior a tres días hábiles nin superior a dez.
 - ✓ O período ou data para a publicación da listaxe definitiva da asignación de prazas e titores/as académicos/as.
6. Concluídos os prazos de reclamación e da súa resolución, a Comisión de Título publicará a lista definitiva de asignación das prazas.

Artigo 5. Organización docente e titorías.

1. A cada estudante seralle asignado un/ha titor/a académico/a que será un/ha docente do centro, e de ser posible terá coñecementos afíns á práctica que se vaia realizar, e que terá a misión de facer un seguimento máis directo da práctica, asegurar o seu correcto desenvolvemento e avalialo de acordo co proxecto formativo e o programa ou guía docente da materia.
2. Cada estudante contará cun/ha titor/a externo/a na entidade colaboradora onde realice as prácticas, que será preferentemente un traballador/a social, e non poderá coincidir coa persoa que desempeña as funcións de titor/a académico/a do centro.
3. Dereitos dos/as titores/as externos/as:
 - a) O recoñecemento da súa actividade colaboradora por parte da Universidade.
 - b) A recibir información acerca da normativa que regula as prácticas académicas externas.
 - c) A recibir información sobre o proxecto formativo das prácticas, e as condicións do seu desenvolvemento

- d) A obter a información e apoio necesario para o cumprimento dos fins propios da súa función.
4. Deberes dos/as titores/as externos/as:
 - a) Acolloer ao estudante e organizar a actividade a desenvolver consonte co establecido no proxecto formativo.
 - b) Supervisar as súas actividades, orientar no desenvolvemento de habilidades, capacidades e destrezas necesarias para o exercicio profesional, así como controlar o desenvolvemento da práctica cunha relación baseada no respecto mutuo e o compromiso coa aprendizaxe.
 - c) Informar ao estudante da organización e funcionamento da entidade e da normativa de interese, especialmente a relativa á seguridade e riscos laborais.
 - d) Coordinar co/a titor/a académico/a o desenvolvemento das actividades establecidas.
 - e) Emitir o informe de avaliación final e, de ser o caso, o informe intermedio sobre o traballo desenvolvido polo/a estudante.
 - f) Proporcionar a formación complementaria que precise o estudantado para a realización das prácticas.
 - g) Proporcionar ao estudantado os medios materiais indispensables para o desenvolvemento das prácticas.
 - h) Facilitar e estimular a achega de propostas de innovación, mellora e emprendemento por parte do estudantado
 - i) Facilitar ao titor/a académico/a o acceso á entidade para o cumprimento dos fins propios da súa función.
 - j) Gardar confidencialidade en relación con calquera información que coñeza do estudantado como consecuencia da súa actividade como titor/a.
 - k) Prestar axuda e asistencia ao estudantado durante a súa estancia na entidade, para a resolución daquelas cuestións de carácter profesional que poida necesitar no desempeño das actividades que realiza na mesma.
5. Dereitos dos/as titores/as académicos:
 - a) Recoñecemento efectivo da súa actividade académica sen que do devandito recoñecemento poidan derivarse en ningún caso efectos retributivos específicos.
 - b) A recibir información acerca da normativa que regula as prácticas académicas externas, e do proxecto formativo das prácticas e das condicións baixo as que se desenvolverá a estancia do/a estudante que debe tutelar.
 - c) Ter acceso á entidade colaboradora para o cumprimento dos fins propios da súa función.
6. Deberes dos/as titores/as académicos:
 - a) Velar polo normal desenvolvemento do proxecto formativo, e autorizar as modificacións que se produzan no mesmo.
 - b) Facer un seguimento efectivo das prácticas coordinándose para iso co/a titor/a externo/a da entidade colaboradora.
 - c) Avaliar as prácticas do/a estudante titorizado/a conforme aos criterios de avaliación establecidos.
 - d) Gardar confidencialidade sobre a información que coñeza como consecuencia da súa actividade como titor/a.
 - e) Informar á/ao Coordinador/a de Prácticas das posibles incidencias xurdidas.
 - f) Supervisar e, de ser o caso, solicitar a adecuada disposición dos recursos de apoio necesarios para asegurar que o estudantado con discapacidade realicen as súas prácticas en condicións de igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade universal.
7. Ao longo do cuadrimestre contéplanse tutorías de seguimento por parte do titor/a académico/a.

Artigo 6. Apoio á xestión administrativa das prácticas.

1. O persoal de Administración do centro ten a misión de apoiar o proceso de xestión de prácticas académicas externas curriculares en todos os aspectos administrativos. Terán, entre outras, as seguintes funcións:
 - a) Realizar tarefas de información aos estudantes sobre convocatorias, condicións, trámites, etc., e dar publicidade da información e das resolucións referidas ao Practicum nos taboleiros e na páxina web do centro.
 - b) Tarefas derivadas do proceso de selección do estudantado que realizará o Practicum (elaboración de listaxes, baremos, publicación da oferta de prazas...)
 - c) Colaborar na resolución de incidencias coas entidades colaboradoras.
 - d) Xerar as actas individualizadas.
 - e) Xestionar a información relativa aos titores/as académicos/as e externos/as e transmitir a correspondente información actualizada.
 - f) Remisión da listaxe de estudantado en prácticas, así como os lugares e períodos de realización, á vicerreitoría competente para a súa remisión á Inspección de Traballo.
 - g) Arquivo de toda a documentación administrativa xerada polo proceso de prácticas académicas externas.
 - h) Apoiar ao Coordinador/a do Practicum en todos os trámites necesarios para a realización efectiva das mesmas, e na relación coas institucións e centros colaboradores e cos/as titores/as tanto académicos como externos.
 - i) Remisión á UXA da listaxe de adxudicación de prazas.

Artigo 7. Realización das prácticas.

1. Os horarios de realización das prácticas estableceranse de acordo coas características das mesmas e as dispoñibilidades da entidade colaboradora. Os horarios, en todo caso, deberán ser compatibles coas actividades de representación e participación desenvolvida polo/a estudante no centro.
2. O proxecto formativo en que se concreta a realización de cada práctica académica externa contemplará os obxectivos, as actividades que vaia desenvolver, as técnicas empregadas e a avaliación. Os obxectivos estableceranse considerando as competencias básicas, xenéricas e/ou específicas e as transversais que debe adquirir o/a estudante.
3. En todo caso, o proxecto formativo será conforme aos principios de inclusión, igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade universal.

Artigo 8. Avaliación.

1. A avaliación será continua ao longo do desenvolvemento do Practicum.
2. Ao e final das prácticas, o/a titor/a externo/a da entidade colaboradora remitirá ao titor/a académico/a un informe final no que valorará, entre outros, os seguintes aspectos referidos ás competencias acadadas polo/a alumno/a:
 - ✓ Capacidade técnica.
 - ✓ Capacidade de aprendizaxe.
 - ✓ Administración de traballos.
 - ✓ Habilidades de comunicación oral e escrita.
 - ✓ Sentido da responsabilidade.
 - ✓ Facilitade de adaptación.

- ✓ Creatividade e iniciativa.
- ✓ Implicación persoal e motivación.
- ✓ Receptividade ás críticas.
- ✓ Puntualidade.
- ✓ Relacións coa súa contorna laboral.
- ✓ Capacidade de traballo en equipo.
- ✓ E aqueles outros aspectos que se consideren oportunos.

Unha vez transcorrida a metade do período de duración das prácticas, poderá elaborarse un informe intermedio de seguimento por parte dos/as tutores/as, cando así se estableza na convocatoria.

3. Ao remate das prácticas, o/a estudante fará entrega ao tutor/a académico/a dunha memoria final, segundo o modelo establecido polo centro, e que deberá conter, cando menos, a seguinte información:
 - ✓ Datos persoais do estudante, entidade colaboradora onde realizou as prácticas, localización e período de realización.
 - ✓ Descrición, segundo proceda da institución, servizo, programa, asociación..., onde realizou as prácticas.
 - ✓ Descrición concreta e detallada das tarefas e traballos desenvolvidos na entidade de prácticas.
 - ✓ Valoración das tarefas desenvolvidas cos coñecementos e competencias adquiridos en relación cos estudos de traballo social.
 - ✓ Identificación das achegas que, en materia de aprendizaxe, supuxeron as prácticas.
 - ✓ Valoración global da experiencia práctica.
4. O/a tutor/a académico/a, á vista do informe da entidade colaboradora e da memoria final do/a estudante, avaliará as prácticas desenvolvidas cubrindo o correspondente informe de valoración. O informe recollerá os seguintes aspectos:
 - Asistencia e participación activa do/a estudante nas titorías individuais e grupais de seguimento.
 - Seguimento e avaliación do material presentado nas titorías individuais e grupais.
 - Seguimento e avaliación da memoria do Practicum
5. O/a tutor/a académico/a, á vista do informe da entidade colaboradora e da memoria final do/a estudante, avaliará as prácticas desenvolvidas cubrindo o correspondente informe de valoración, para o/a coordinador/a das prácticas cubra e asine a acta individualizada de cada estudante.
6. O recoñecemento académico das prácticas externas no expediente do estudante realizarase despois de asinada a acta de prácticas polo/a coordinador/a das prácticas.
7. Finalizadas as prácticas académicas externas, a USC poderá emitir, a solicitude do/a estudante a través da UXA, un documento acreditativo das mesmas.

Artigo 9. Requisitos do estudantado para a realización das prácticas

Para a realización das prácticas académicas externas o estudantado deberá cumprir os seguintes requisitos:

- a) Estar matriculado no Practicum do grao en traballo social.
- b) Non ter superados os créditos vinculados a estas prácticas e non ter realizado o depósito do título.

- c) Non manter ningunha relación contractual coa empresa, institución ou entidade pública ou privada na que se van a realizar as prácticas, agás autorización expresa do centro e da entidade colaboradora que se poderá outorgar cando as prácticas a realizar non teñan ningunha relación co contido do contrato laboral en vigor.

Artigo 10. Vínculo do estudantado coa entidade colaboradora

1. A relación do estudantado en prácticas coas entidades colaboradoras non terá en ningún caso carácter laboral e, polo tanto, non se poderá acoller a ningunha modalidade contractual laboral das previstas nos artigos 11 e 15 do Estatuto dos Traballadores.
2. As actividades estarán sempre orientadas á aprendizaxe práctica titorizada.
3. Consonte co anterior, o estudantado en prácticas no poderán realizar tarefas de responsabilidade na entidade colaboradora, nin as propias e exclusivas do seu persoal.
4. A entidade colaboradora non poderá cubrir co estudantado en prácticas ningún posto de traballo, nin sequera con carácter eventual ou interino.
5. Durante o período de prácticas, non se poderá formalizar ningún contrato de traballo entre a entidade colaboradora e o/a estudante.

Artigo 11. Dereitos do estudantado

1. O estudantado en prácticas terá dereito a contar cun/ha titor/a externo/a da entidade colaboradora na que as realicen, e tamén cun/ha titor/a académico/a do centro.
2. Ademais, o estudantado en prácticas terá dereito, entre outros, a:
 - a) Ser avaliado no desenvolvemento da súa actividade, conforme ao que se estableza no programa. A avaliación referirase á consecución dos obxectivos de formación establecidos. Estes obxectivos deberán ser coñecidos polo/a titor/a externo/a. O estudantado terá dereito a coñecer os criterios de avaliación.
 - b) A imputación dos créditos cursados para os efectos de finalización de estudos de grao en traballo social, sempre que contén con avaliación positiva do seu período de prácticas.
 - c) Que se lles expida por parte da entidade colaboradora, finalizado o período de prácticas con avaliación positiva, unha certificación con mención expresa do nivel acadado na realización das prácticas, con indicación da especialidade á que estivo orientada a súa formación, de ser o caso.
 - d) Á propiedade intelectual e industrial nos termos establecidos na lexislación reguladora da materia.
 - e) Recibir, por parte da entidade colaboradora, información da normativa de seguridade e prevención de riscos.
 - f) Cumprir coa súa actividade académica, formativa e de representación e participación, previa comunicación con antelación suficiente á entidade colaboradora.
 - g) Dispoñer dos recursos necesarios para o acceso ao estudantado con discapacidade á tutela, á información, á avaliación e ao propio desempeño das prácticas en igualdade de condicións.
 - h) Conciliar, no caso de estudantado con discapacidade, a realización das prácticas con aquelas actividades e situacións persoais derivadas ou conectadas coa situación de discapacidade.
3. Se o/a estudante, unha vez matriculado, non recibise a formación por incumprimento da entidade colaboradora, o centro deberá procurar a súa incorporación noutra entidade para desenvolver as prácticas dentro da mesma convocatoria. De resultar imposible, terá dereito á

devolución dos prezos públicos pagados e preferencia na asignación na seguinte convocatoria.

4. A matrícula nas prácticas dará dereito á súa realización por unha soa vez. No caso de obter unha avaliación negativa por causa da memoria, o estudantado ten dereito a unha segunda oportunidade no mesmo curso académico, que consistirá na presentación dunha nova memoria.

Artigo 12. Deberes do estudantado

1. Durante o período de prácticas, o estudantado deberá desenvolver o proxecto formativo e elaborar unha memoria final e asistir ás titorías establecidas para o seguimento das prácticas.
2. Con relación á entidade na que se desenvolven as prácticas, o estudantado deberá:
 - a) Incorporarse na data acordada e cumprir o horario establecido.
 - b) Cumprir e respectar o sistema organizativo da entidade colaboradora onde realizan as prácticas.
 - c) Gardar o debido coidado respecto dos asuntos que coñezan no desenvolvemento da súa tarefa.
 - d) Cumprir e respectar as normas de seguridade e prevención de riscos laborais da entidade.
 - e) Cumprir con dilixencia e boa fe as actividades acordadas coa entidade colaboradora.
 - f) Calquera outro deber previsto na normativa vixente e/ou nos correspondentes convenios de cooperación educativa asinados.
3. O estudantado estará obrigado, para obteren o recoñecemento académico, á realización da totalidade de créditos do que estea matriculado de acordo co establecido no plano de estudos.
4. O incumprimento das súas obrigas poderá determinar a perda automática dos seus dereitos como estudante en prácticas sen prexuízo das accións disciplinarias que procedan, e especificamente por algúns dos seguintes motivos:
 - Non incorporarse na data acordada e/ou incumprir o horario previsto.
 - Incumprir ou non respectar o sistema organizativo da entidade.
 - Baixo grao de aproveitamento da aprendizaxe.
 - Non gardar o debido coidado respecto dos asuntos que coñeza no desenvolvemento da práctica.
 - Falta de asistencia non xustificada.
 - Interferencia co desenvolvemento do traballo do centro.
 - Causar intencionadamente danos a persoas, instalacións e/ou bens durante a realización das prácticas
 - Calquera outro acto, comportamento o actuación de gravidade.

Artigo 13. Réxime xeral e tramitación de convenios

1. Os convenios de cooperación educativa establecerán o marco regulador das relacións entre o/a estudante, a entidade colaboradora, a EUTS e a USC.
2. A celebración dun convenio de cooperación educativa para a realización de prácticas académicas externas non suporá a adquisición de compromisos de carácter contractual ou laboral coa entidade colaboradora asinante.
3. A EUTS e as entidades coas que colabora, fomentarán o establecemento de convenios para a realización de prácticas accesibles por parte de estudantes con discapacidade, procurando a disposición de recursos humanos, materiais e tecnolóxicos necesarios que aseguren a igualdade de oportunidades.

4. No caso de negligencia ou incumprimento moi grave das obrigas da empresa ou entidade a EUTS, previa reunión da Comisión de Título, poderá proceder á revogación de todos os convenios formalizados coa dita entidade e a impedir a subscrición *ex novo* doutros, sen prexuízo de esixir as responsabilidades a que houbera lugar.
5. O estudantado poderán propiciar a celebración de novos convenios de cooperación educativa cunha determinada entidade a través da EUTS, que poñerá en marcha o proceso para ser asinado. Neste suposto, o/a estudante que propiciou o convenio terá dereito preferente e por unha soa vez a desenvolver as prácticas na entidade asinante.
6. Quedan excluídas do parágrafo anterior as entidades colaboradoras que estean participadas en máis dun 10% ou dirixidas ou administradas polo estudantado solicitante ou polos seus parentes ata o cuarto grao de consanguinidade ou segundo da afinidade. Para estes efectos, o/a estudante formalizará a oportuna declaración xurada. No caso de falsidade procederase, previa audiencia do/a estudante, á anulación automática das prácticas e dos seus efectos de recoñecemento no seu expediente, sen prexuízo das accións disciplinarias e penais que procedan.
7. En canto ao procedemento, seguirase o disposto na normativa reguladora da USC relativa á xestión e tramitación de convenios.

Artigo 14. Réxime de aseguramento e inclusión no sistema da Seguridade Social

1. A realización de prácticas académicas externas estará cuberta polo Seguro Escolar, sempre que se realicen en territorio nacional. Para o estudantado maior de vinte e oito anos formalizarase obrigatoriamente, a cargo do/a estudante, un seguro de accidentes.
2. Os danos a terceiros como consecuencia da realización de prácticas académicas externas do estudantado estará cuberta polo seguro de responsabilidade civil da USC.
3. A EUTS poderá contratar seguros adicionais.
4. A realización de prácticas externas ao amparo dos convenios subscritos, determinará a inclusión no sistema da Seguridade Social das persoas que as realicen, que quedarán comprendidas como asimiladas a traballadores por conta allea no Réxime Xeral da Seguridade Social.
5. A cotización á Seguridade Social axustarase ao establecido na Disposición adicional quincuaxésima segunda do texto refundido da Lei Xeral da Seguridade Social, aprobada polo Real Decreto Lexislativo 8/2015 do 30 de outubro, para o caso de prácticas formativas non remuneradas.

Artigo 15. Protección de datos de carácter persoal

Os ficheiros automatizados nos que se sometan a tratamento datos persoais de estudantes, persoal das entidades colaboradoras ou outros/as participantes nos programas de prácticas académicas externas, deberán respectar a lexislación sobre protección de datos de carácter persoal da USC, o establecido nos convenios de cooperación educativa subscritos, e aplicaranse as medidas de seguridade que correspondan.

Disposición final

Calquera baleiro xurdido na aplicación deste regulamento remitirase á normativa da USC.